



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO  
DO CONCELLO O DÍA DOUS DE XUÑO DO DOUS MIL CINCO.**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

D. Melchor Roel Rivas

**CONCELLEIROS**

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D. Rafael Luis Fernández Amor, D<sup>a</sup>. María Rebeca Fernández Martínez, D<sup>a</sup>. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D<sup>a</sup>. Rosario Canoura Labayén, D. Antonio José Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

**XUSTIFICA A SÚA AUSENCIA:**

D<sup>a</sup>. Marta Pérez Lage

**SECRETARIA**

D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez

**INTERVENTOR**

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as dezanove horas e trinta minutos do día dous de xuño do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D<sup>a</sup>. Sara Martínez Álvarez e a do Interventor D. Fidel García Martul, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**ASUNTO ÚNICO:**

**APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA  
MODIFICACIÓN DO PEPRI DE VALDEFLORES-ANTIGA FÁBRICA DE  
CURTIDOS.**

Polo Sr. Alcalde-presidente dáse conta de que pola Dirección Xeral de Urbanismo remitíuse unha corrección do Informe Previo, referida á data de emisión, xa que dí, se facía constar o día 19 de marzo de 2005, cando era o día 19 de maio de 2005.

Por Secretaría dáse lectura do dictame favorable emitido, por unanimidade, pola Comisión Informativa de Infraestructuras, Urbanismo e Medio Ambiente na sesión celebrada o día vinteseite de maio do dous mil cinco.



Non se producen intervencións, e obrando no expediente o informe xurídico preceptivo, procédese a efectuar a votación.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezaseis), o que supón Maioría Absoluta do número legal deste, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente a MODIFICACIÓN PUNTUAL DA MODIFICACIÓN DO PEPRI DE VALDEFLORES-ANTIGA FÁBRICA DE CURTIDOS.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo e Contratación para a comunicación á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, dando traslado dunha copia autenticada de dous exemplares cos planos e documentos dilixenciados.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as dezanove horas e corenta minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.